

**ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO
DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS
CURSO 2021-2022**

En aplicación do disposto na *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG nº 29, de 11 de febreiro de 2022)*, establécense as seguintes addenda á programación do Departamento de Xeografía e Historia do IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas para o curso 2021-2022:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

- De acordo co artigo 7 da citada Orde, “a avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia”. Ademais, “a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora”.

- Desaparece a avaliación extraordinaria e “o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final ordinaria dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría”. Polo tanto,

- na páxina 153, no título do epígrafe “Avaliacións continua, final e extraordinaria”, debe dicir: **“Avaliacións continua, parcial e final”**.
- na páxina 154, no relativo ás materias de Xeografía e Historia de 1º e 2º ESO, onde di “En caso de que o alumnado non supere a materia na avaliación ordinaria, a avaliación extraordinaria incluírá un exame sobre a materia do curso académico. Para a súa preparación, o profesorado plantexará as actividades de repaso e reforzo que fosen necesarias”, debe dicir: **“No caso do alumnado que non supere a materia na terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de reforzo e recuperación. Estas poderán incluír distintos tipos de traballos e probas que favorezan a adquisición dos contidos e competencias mínimos de cada materia. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final do curso”**.
- na páxina 155, no relativo ás materias de Xeografía e Historia de 3º e 4º ESO, onde di “En caso de que o alumnado non supere a materia na avaliación ordinaria, a avaliación extraordinaria incluírá un exame sobre a materia do curso académico. Para a súa preparación, o profesorado plantexará as actividades de repaso e reforzo que fosen necesarias”, debe dicir: **“No caso do alumnado que non supere a materia na terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación**

individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de reforzo e recuperación. Estas poderán incluír distintos tipos de traballos e probas que favorezan a adquisición dos contidos e competencias mínimos de cada materia. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final do curso”.

- na páxina 159, no relativo á materia de Investigación e tratamento da información de 1º ESO, onde di “En caso de que o alumnado non supere a materia na avaliación ordinaria, a avaliación extraordinaria incluírá un exame sobre a materia do curso académico. Para a súa preparación, o profesorado plantexará as actividades de repaso e reforzo que fosen necesarias”, debe dicir: **“No caso do alumnado que non supere a materia na terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de reforzo e recuperación. Estas poderán incluír distintos tipos de traballos e probas que favorezan a adquisición dos contidos e competencias mínimos de cada materia. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final do curso”.**

- Nas devanditas páxinas débense, asimismo, engadir as seguintes referencias:

- **“No caso do alumnado que supere a materia na terceira avaliación parcial, o equipo docente plantexará diversas medidas e actividades de ampliación e titoría (creación e difusión de contidos virtuais, gamificación, proxectos de investigación, clubs de lectura, visitas de interese, etc.), co fin de completar a formación e aprendizaxe do alumnado durante o calendario escolar”.**
- **“No contexto do proceso de avaliación continua, a partir da segunda avaliación parcial, cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo encamiñadas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo”.**

BACHARELATO:

- De acordo co artigo 13 da citada Orde, “a avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia”. Ademais, “a avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe”.

- Haberá unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria. Polo tanto, o alumnado que non supere algunha materia logo da avaliación final ordinaria terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de acordo cos criterios especificados na programación (páxs. 155-158).

- O período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicárase á preparación e á realización das probas extraordinarias e das actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría precisas.

AVALIACIÓN DE PENDENTES:

- Na páx. 159, suprímese o seguinte parágrafo: “De ser o caso, o alumnado que non superase as pendentes na avaliación ordinaria, presentarase á avaliación extraordinaria para realizar o exame pertinente”.

REFERENCIAS NORMATIVAS:

- Na páx. 170, incorpórase a mención á **Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG nº 29, de 11 de febreiro de 2022).**

ADDENDA CON MOTIVO DA SITUACIÓN DE PANDEMIA POR MOR DA COVID-19. SEGUIMIENTO SEMIPRESENCIAL OU ONLINE DO ALUMNADO:

- Na páx. 171, onde di “c) as mesmas indicacións referenciadas no apartado b) serían postas en práctica no caso das avaliacións extraordinarias”, debe dicir **“c) as indicacións referenciadas no apartado b) serían postas en práctica tanto no caso das avaliacións parciais como da avaliación final”.**

En Perillo, a 2 de marzo de 2022